

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE DO 22 DE SETEMBRO DE 2017

Asistentes:

Barriocanal López, Yolanda
Castro Pérez, Ladislao
Fernández Fernández, Adolfo
Pérez Rodríguez, Fco. Javier
Presedo Garazo, Antonio
Reboreda Morillo, Susana
Uña Álvarez, Elena de
Vaquero Díaz, Beatriz

Desculpan a súa ausencia:

Comendador Rey, Beatriz
García Cabo, Manuel
López Díaz, María
Lozano González, Carlos
Pérez Losada, Fermín
Prada Rodríguez, Julio
Valín

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen os membros da Xunta de Facultade, o venres 23 de xuño de 2017, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 20 de xuño de 2017

- Lectura e aprobación da acta anterior (23 de xuño de 2017)
- Informe da Decana
- Aprobación, se procede, de actividades de difusión cultural.
- Aprobación do tribunal da Tese de Licenciatura de Diana González Limia e a data da defensa publica.
- Aprobación, se procede, das saídas de estudos para o curso 2017-2018
- Aprobación, se procede, do Informe de coordinación (R1-DO-0201 P1)
- Aprobación, se procede, do procedemento de xestión do PAS (PE01 P1) e de Xestión do PDI (PE02 P1)
- Aprobación, se procede, dos seguintes aspectos relacionados co Plan Anual de Avaliación das Usuarías e Usuarios (PAESU):
 - a. Informe de resultados da avaliación (R4 MC-05 P1).
 - b. Informe de Seguimento (R5 MC-05 P1).
 - c. Proposta de modificación (R2 MC-05 P1 e R3 MC-05 P1)
- Rolda de intervencións

1. Lectura e aprobación das actas anteriores (23 de xuño de 2017)

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

2. Informe da Decana

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Escusan a súa ausencia: María López (asuntos persoais), Alberto Valín (asuntos persoais), Beatriz Comendador (motivos académicos), Fermín Pérez (motivos académicos), Julio Prada (permiso de investigación), M. García Cabo (motivos académicos) e Carlos Lozano (motivos académicos).
- Dado que é primeira xunta co novo equipo decanal polo que procede á presentación do novo secretario, Adolfo Fernández. Coméntase tamén as causas da reestruturación debidas ao traslado de Carmen Arribas e a posterior dimisión da vicedecana, Beatriz Comendador. No seu momento Beatriz Comendador presentou un escrito explicando as razóns da súa dimisión que a decana presenta aos membros da Xunta e que se achegará á documentación da Acta.
- Outro dos aspectos a comentar é a situación actual desta xunta, xa que catro dos membros representantes do alumnado graduáronse o curso pasado causando baixa. O mesmo acontece cos representantes do PAS (Carmen Arribas e Montserrat Gómez) que xa non se atopan no centro. Esta situación anómala lévanos a convocar proximamente eleccións a membros da xunta.
- Foi enviada a memoria definitiva do Mestrado de Patrimonio cos cambios xa tratados na anterior xunta.
- De acordo ca Coordinadora de grao elimínase o espazo de coordinación do grao no FAITIC, por entender que a información duplicábase co da web e manter as dúas actualizadas implicaba moito traballo e non resultaba operativo.
- A anterior lista de correo (listahistoria) foi pechada por detectar unha serie de inconvenientes, como que dependía directamente da Delegación de Alumnado e había que dar de alta manualmente a cada novo membro. No seu lugar abriuse unha nova lista co mesmo nome utilizando o servizo de “listas” da UVigo, quedando agora coordinada desde o decanato.
- Hai pendestes unha serie de asuntos relacionados co TFG (novas datas de defensa, posibilidade de defensa diante do titor...etc.) mais debido á ausencia de Julio Prada, quedan estes asuntos para a vindeira xuntanza.
- Lémbrese que no camiño cara a simplificación de aspectos sobre calidade, asígnase un só titor para cada curso do grao e para o alumnado do Mestrado.
- A día de hoxe hai 35 alumnos matriculados do grao en Xeografía e Historia e 11 en total do conxunto con Turismo, deste xeito temos un total de 40, quedando aínda a convocatoria que acollería aos da selectividade de setembro polo que esta cifra debería incrementarse.

- Como xa se informou a finais do mes de xullo, o centro obtivo a certificación do seu sistema de Calidade por ACSUG, ademais a UVigo concede un mérito por esta obtención que se simboliza cunha Q. Esta certificación ten validez ata o 28/07/2023 e será revisado o 28/02/2020. Agora imos darlle publicidade a este mérito. Xa se encargaron unhas placas informativas para colocar nas dependencias do centro no campus, en coordinación ca facultade de Ciencias de Educación. A decana agradece a participación de todos os colectivos implicados. A partir de agora trátase de manter actualizado o SIGC, situación que tanto a decana como o colaborador de Calidade, Antonio Presedo, ven máis asequible.
- A partir da integración de Elena de Uña na CAM do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do patrimonio, causa baixa na comisión permanente e na comisión de calidade. Yolanda Barriocanal pasa a formar parte da comisión permanente.

3. Aprobación, se procede, de actividades de difusión cultural.

Infórmase que contamos con 1.800€ para actividades extraacadémicas do centro. Propónse investilas na actividade do centro deste curso que é a saída a Chaves que inclúe unha visita ás termas romanas combinada cunha visita lúdica a unha termas actuais. Poderíase incluír unha visita con participación activa ás termas romanas, combinada cunha visita a cidade e ao museo arqueolóxico. Pódense incluír máis sitios a proposta do profesorado. Esta visita vai ser organizada pola empresa Xeitura.

Apróbbase por asentimento esta actividade para o seu envío a vicerreitoría de campus.

4. Aprobación do tribunal da Tese de Licenciatura de Diana González Limia e a data da defensa pública.

A proposta do tribunal é Susana Reboreda, presidente, Fermín Pérez, secretario e Fco. Javier González da USC, como vogal. Como suplentes respectivos actuarán Ladislao Castro, Beatriz Comendador e Adolfo Fernández.

A data da defensa será o 1 de decembro do presente ano.

Apróbbase por asentimento a proposta do tribunal e a data de defensa

5. Aprobación, se procede, das saídas de estudos para o curso 2017-2018.

Preséntase as solicitudes de saídas de estudos co seus respectivos presupostos para a súa aprobación. Ata o día de hoxe so chegou unha solicitude para as saídas do segundo cuadrimestre, lémbrese que o prazo aberto é para ámbolos dous cuadrimestres. Polo que se insta aos docentes que presenten canto antes a mencionada solicitude.

Apróbbase as solicitudes presentadas para o primeiro cuadrimestre e o presuposto presentado para as mesmas

6. Aprobación, se procede, do Informe de coordinación (R1-DO-0201 P1)

O informe de coordinación é elaborado minuciosamente por Beatriz Vaquero, coordinadora do grao. Nel se recollen todas as accións de coordinación que se levaron a cabo durante o curso 2016-2017 con todos os adxuntos que as evidencian, tal e como se

poido comprobar no documento que se achegou ca convocatoria desta xunta. No día de onte foi comentado e validado pola Comisión e hoxe se presenta para a súa aprobación. Apróbase por asentimento o Informe de coordinación (R1-DO-0201 P1).

7. Aprobación, se procede, do procedemento de xestión do PAS (PE01 P1) e de Xestión do PDI (PE02 P1)

Ámbolos dous procedementos, incluídos como adxuntos na convocatoria, aprobáronse pola Área de Calidade no mes de xullo, e intégranse no Manual substituíndo aos antigos cumprimentado o obxectivo de simplificalos. Relaciónanse cas posibles necesidades de xestión do PAS e de Xestión do PDI e a súa formación.

O informe de coordinación é elaborado minuciosamente por Beatriz Vaquero, coordinadora do grao. Nel se recollen todas as accións de coordinación que se levaron a cabo durante o curso 2016-2017 con todos os adxuntos que as evidencian, tal e como se poido comprobar no documento que se achegou ca convocatoria desta xunta. No día de onte foron comentados e validados pola Comisión e hoxe se presentan para a súa aprobación. Apróbase por asentimento ambos procedementos (PE01 P1 e PE02 P1).

8. Aprobación, se procede, da prorroga do Procedemento de Seguimento e Control da Docencia (R2-DO-0201 P1)

Na Comisión de Calidade de onte considerouse que este procedemento non necesita introducir novos cambios con respecto aos introducidos o curso pasado, polo que foi validado e hoxe se presenta, tal e como foi incluído como adxunto na convocatoria, para a súa aprobación. Apróbase por asentimento a prorroga do Procedemento de Seguimento e Control da Docencia (R2-DO-0201 P1).

9. Aprobación, se procede, dos seguintes aspectos relacionados co Plan Anual de Avaliación das Usuarías e Usuarios (PAESU):

- a. Informe de resultados da avaliación (R4 MC-05 P1)
- b. Informe de Seguimento (R5 MC-05 P1)
- c. Proposta de modificación (R2 MC-05 P1 e R3 MC-05 P1)

Mediante este proceso se regulan os sistemas para coñecer a opinión do estudiantado sobre os aspectos fundamentais da marcha do grao, tanto a través das enquisas institucionais, como aquelas que propón e leva a cabo por iniciativa propia o centro. Na derradeira comisión de calidade decidiuse validar a eliminación da ficha 3ª onde se recollían as enquisas que dende o centro propuñamos facer ao grupo de egresados/as porque, xa dende o curso pasado, esta iniciativa é asumida pola área de Calidade. O resto do procedemento decidiuse mantelo e con estas reformas foi validado, e enviado como adxunto na convocatoria, ca proposta de que hoxe se aprrobe nesta xunta.

10. Rolda de intervencións

Propónse a celebración, sufragada con gastos de protocolo do decanato, dunha cea de despedida ao Prof. Fco. Javier Pérez Rodríguez. A proposta é aceptada polo resto de membros da xunta polo que se comezará cos preparativos.



Tamén se informa de que se está axustando o gasto do orzamento. Entre os gastos se contempla cubrir parte ou a totalidade dos gastos xerados polas campañas de promoción do grao, a compra de agasallos como protocolo e o mantemento da web, entre outros. Outra das accións que xa se propuxo foi a renovación de equipamento funxible por parte dos docentes que xa se está tramitando. Tamén se van renovar varios equipos da aula de informática.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14.00 horas, e de todo dou fe como secretario.

A decana

O secretario

Susana Reboveda Morillo

Adolfo Fernández Fernández